



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de xuño do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de xuño do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- CONTA XERAL DO PRESUPUESTO DO EJERCICIO ECONÓMICO DE 2016.- Dáse conta ao Pleno do expediente tramitado en orde á aprobación da conta xeral do orzamento do exercicio económico de 2016. En cumprimento do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) someteuse previamente ao preceptivo informe da Comisión Especial de Contas (na sesión celebrada o catorce de xuño do actual) e con posterioridade, cumprimentouse o trámite de información pública mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 146 de 27 de xuño do actual, sen que no prazo establecido se presentasen reclamacións, nin observacións ao respecto.

Á vista do expediente tramitado e das consideracións ao respecto, logo da exposición da proposta de acordo polo Sr. Alcalde, e de unha breve intervención do concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, na que se limita a anunciar que a postura do seu grupo será de abstención, á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, seguidamente procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e con tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA**:

- Prestar aprobación á Conta Xeral do Presupuesto para o exercicio de 2016, que arroxa os seguintes resultados:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		172.365,51
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		963.384,57
- (+) do Orzamento corrente	640.173,12	
- (+) de Orzamentos cerrados	304.189,98	
- (+) de operacións non orzamentarias	19.021,47	
3. (-) OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO		214.576,97
- (+) do Orzamento corrente	174.849,72	
- (+) de Orzamentos cerrados	0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	39.727,25	
4. (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		0,00
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	921.173,11	
II. Saldos de dubidoso cobro	163.013,27	
III. Exceso de financiación afectada	97.018,66	
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	661.141,18	

ESTADO DE REMANENTE DE CRÉDITO:

1.- Orzamento definitivo	3.730.721,96€
2.- Obrigacións recoñecidas netas	3.079.899,34€
3.- Remanentes de Crédito (1-2)	650.822,62€
4.- Total R. de Crédito comprometidos incorporables	214.647,96€
5.- Total R. de Crédito non comprometidos (3-4)	436.174,66€

- En cumprimento do disposto na vixente lexislación reguladora das facendas locais, remitirase copia da conta e do expediente tramitado ao Consello de Contas, a efectos da súa fiscalización.

Unha vez que se procede á votación no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm 4/2017 do estado de gastos do actual exercicio (primeiro da competencia do Pleno) polo importe de 250.000€, para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, empregando como recursos para a súa financiación o remanente de tesourería, conforme se detalla no mesmo:

a) Concesión de créditos extraordinarios (Aplicacións non dotadas no Orzamento)

Aplicación Orzamentaria	Fins aos que se destinan os créditos e causas da súa necesidade	CONSIGNACIÓN
		Euros
414-465	Aportación municipal en relación co mantemento do Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo –GDR4-. Indispensable para o funcionamento do GDR4.	2.000,00.-
920-780	Subvención de capital aos veciños da parroquia de Cotá, canalizada a través da Asociación de Veciños de dita parroquia, denominada “Fonte do Ouro”, en concepto de axuda, para a adquisición á Diocese de Lugo, dunha finca rústica, conocida como Igrexario, para diversas actividades da parroquia. Según indicaron teñen comprometida outra axuda por parte da Excm. Deputación Provincial. Mellora da calidade de vida dos veciños.	2.700,00.-
Total créditos extraordinarios		4.700,00.-



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

b) Suplementos de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente)

Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Aumento que se propón	Total consignación resultante	FINS AOS QUE SE DESTINAN OS NOVOS CRÉDITOS E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE
453-619	340.752,95.-	19.432,90.- 50.000,00.-	410.185,85.-	Resto de aportación municipal ás obras de: Mellora e mantemento de camiños municipais no Concello de Friol, parte non subvencionada por AGADER "Axencia Galega de Desenvolvemento Rural". Mellora das infraestruturas. Plan II/2017: Plan municipal de mellora de estradas e accesos a núcleos en varios lugares do municipio. Mellora da calidade de vida dos veciños.
4412-453.20	7.071,78.-	1.235,66.-	8.307,88.-	Dotación complementaria para aboar o importe da liquidación presentada pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda en relación coas achegas do ano 2016 e a estimación do ano 2017, para o transporte metropolitano de Galicia. Entre os datos recibidos para a elaboración do vixente Orzamento e os definitivos, figura unha desviación en incremento de 1.235,66 euros no gasto real (7.071,78 – 8.307,44 = - 1.235,66) para a aportación municipal a dito transporte. Financiación do servizo de transporte público.
432-226.02	1.000,00.-	2.000,00.-	3.000,00.-	Dotación complementaria para gastos de promoción turística do municipio. Potenciar a capacidade turística do municipio.
943-462	6.939,70.-	25.000,00.-	31.939,70.-	Dotación para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro de Emprego Cumes da Terra Chá II, según Resolución da Alcaldía de data 30/03/2017 (nesta ocasión, está delegada a tramitación administrativa no Concello de Rábade, no Obradoiro anterior, estivo en Friol). Fomento do emprego.
171-639	36.451,24.-	18.461,20.-	54.912,44.-	Proxecto a realizar polo persoal do Obradoiro de Emprego Cumes da Terra Chá II: Mantemento de áreas verdes e recuperación medioambiental na zona urbana de Friol. Mellora do benestar comunitario a través da mellora do medio ambiente.
153-609	228.205,87.-	38.117,05.-	266.322,92.-	Proxecto a realizar polo persoal do Obradoiro de Emprego Cumes da Terra Chá II: Execución das beirarrúas no tramo urbano da estrada LU-231, 2ª fase (primeira aportación económica, o resto figura no proxecto de Orzamento para o ano 2018). Importe: 38.117,05 euros. Mellora da calidade de vida dos veciños.
920-225.02	1.500,00.-	8.000,00.-	9.500,00.-	Suplemento de crédito para o pago das taxas pendentes coa Excm. Deputación Provincial de Lugo, por autorizacións do indicado Ente, en obras executadas polo Concello de Friol, con afectación de estradas provinciais, como por exemplo o Saneamento de Roimil, polo que presentan unha liquidación de taxas de máis de cinco mil euros.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

151-227.06	15.616,00.-	4.840,00.-	20.456,00.-	Asistencia técnica de asesoramento urbanístico e outras materias. Como consecuencia da renovación e ampliación de tarefas deste contrato, é necesario suplementar a correspondente aplicación.
334-226.09	25.000,00.-	20.000,00.-	45.000,00.-	Dotación complementaria para as diversas actividades culturais e deportivas. Trátase de satisfacer na medida do posible a importante demanda da poboación nunhas actividades que son tendentes á elevación e mellora da calidade de vida.
453-210	200.000,00.-	58.213,19.-	258.213,19.-	Dotación complementaria para o arranxo, mantemento e conservación de infraestruturas básicas, como as estradas do municipio. Mellora da calidade de vida dos veciños.
Total suplementos		<u>245.300,00.-</u>		

RESUMO:

Total dos créditos extraordinarios..... 4.700,00.-

Total dos suplementos de crédito..... 245.300,00.-

IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN..... 250.000,00.-

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto lexislativo 2/2002 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), propónse a adopción do acordo de aprobación polo Pleno do Concello, en canto órgano competente. Logo da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, procedeuse ao turno de intervencións. Unha vez concluído o mesmo, seguidamente procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e con tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Despois de unha breve exposición do Sr. Alcalde, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, anuncia que o seu grupo votará en contra da mesma, por dúas razóns fundamentais:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- A primeira polo impacto que a modificación suporía no remanente, cuxa coantía sempre foi defendida nesta corporación, e o seu impacto constrictivo ante calquera emerxencia ou oportunidade para calquera actuación, xa que queda moi reducida. Pon por exemplo, que a mesma pode resultar insuficiente no caso de unha crecida ou un temporal no inverno, que de lugar á necesidade do arranxo de algunhas pistas, ou leve dúas pontes.
- Por outra banda, refírese a que se destina un montante importante ao arranxo de infraestruturas do concello. Vese que contablemente estase invertindo moito, pero estes investimentos, non se acaban de materializar na percepción dos usuarios de un bo estado das mesmas. Quizá sexa polo xeito de facelas, a duración non sexa a axeitada. Refírese tamén ao importe de 45.000€ tipificado como actividades culturais, que para moitas actuacións non acaba de ver o seu encaixe como tal.

Conclúe a súa intervención, reiterando que a cantidade que queda de remanente dispoñible, pode resultar insuficiente para cando xurda unha oportunidade ou unha continxencia.

O Sr. Alcalde refírese a que a problemática das vías municipais non é fácil de arranxar, xa que hai moitos quilómetros que atender, aínda que se están facendo esforzos importantes para o seu mantemento nunhas condicións óptimas. Engade que en relación coa coantía do remanente, hai que esperar ao remate do exercicio económico para cuantificar a mesma, que vai ser moi superior, concluíndo a súa intervención no senso de que respecta o sentido do seu voto, aínda que non o comparte.

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que se debería facer unha reflexión valorando sobre as incorporacións ou suplementos que se realizan no exercicio, e elo non lle tranquiliza, xa que demostra a incapacidade para xestionar o orzamento ordinario. Á vista do literal da proposta presentada, mantén o senso do seu voto. Engade que non defende cifras astronómicas de remanente, xa que demostran unha mala xestión, pero si a salvagarda dunha cantidade axeitada, para a salvagarda de calquera situación que o precise, que se conte cun colchón, por si fora necesario.

O Sr. Alcalde di que é difícil facer unha previsión con exactitude ao principio do ano, xa que son moitas as cousas que poidan xurdir ao longo do exercicio. Reitera que non comparte a súa opinión, aínda que a respecta. Coa súa intervención cerra o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o acordo adoptado.

4.- CALENDARIO LABORAL PARA 2018.FESTAS LOCAIS.- Dáse conta ao Pleno do escrito remitido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia no que solicitan que se fixen os días festivos locais para o ano 2018. Á vista do mesmo, pola Alcaldía propónse ao Pleno, que se sigan fixando como nos anos anteriores os días:

- 9 de xullo luns de santa Isabel
- 13 de febreiro, martes de entroido

Á vista do anteriormente exposto, sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade
ACORDA:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Fixar como festas locais para 2017: martes de carnaval (13 de febreiro) e o lúns de Santa Isabel (9 de xullo)
- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aos efectos oportunos.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

5.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE FRIOL AO FUTURO CONSORCIO DE TURISMO LUGO-TERRA CHA.-Dáse conta ao Pleno de comunicación remitida en relación coas reunións preparatorias para a creación dos xeodestinos turísticos, en orde á elaboración dos estatutos do futuro consorcio de turismo Lugo-Terra Cha.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, no seu Título III (dos recursos, da organización e da calidade turísticos) crea no seu artigo 23 a figura dos Xeodestinos turísticos, entendendo por tales as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto a súa poboación conforman unha identidade turística diferencial e singular.

Tamén prevé o citado artigo que a Consellería competente en materia de turismo, no exercicio das súas competencias de planificación, ordenación e fomento da actividade turística, poderá definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos, previa consulta cos concellos e coas entidades supramunicipales interesados que terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da administración autonómica.

De conformidade co anterior, o Concello de Friol atópase encadrado na área delimitada do Xeodestino Lugo-Terra Chá. Os Concellos da área delimitada no Xeodestino Lugo-Terra Chá, teñen a intención de promover a creación do Consorcio de Turismo Lugo-Terra Chá para a súa axeitada xestión.

Polo tanto, e de acordo co establecido no artigo 151 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en relación cos artigos 137 e seguintes da citada lei pola Alcaldía propónse ao Pleno, que pola maioría absoluta dos seus membros, adopte o acordo de inicio dos trámites para a integración do Concello de Friol no futuro Consorcio de Turismo Lugo-Terra Chá, designado ao Alcalde, como representante da Corporación na Comisión Xestora.

Esta Comisión Xestora ostentará a representación do grupo de municipios ata a definitiva constitución dos órganos de goberno e encargarse da tramitación do correspondente expediente.

Á vista do anteriormente exposto, pola Alcaldía propónse ao Pleno do Concello

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio dos trámites para a integración do Concello de Friol no futuro Consorcio do Turismo Lugo-Terra Cha.

SEGUNDO.- Nomear representante na Corporación na comisión Xestora ao Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo.

Á vista do anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación vixente e as consideracións ao respecto, e sen que polos señores concelleiros se desexe realizar ningunha intervención ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

6.- ADHESIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONDUTAS ADITIVAS.- Dáse conta ao Pleno, de que a Xunta de Goberno, na sesión de dezasete de xullo do actual, adoptou o acordo que se transcribe a continuación:

“3.- ADHESIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONDUTAS ADITIVAS.- Dáse conta á Xunta de Goberno de proposta de convenio de colaboración entre os concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, para a prestación do servizo de Prevención de Conductas Adictivas durante período 2017-2019.

Considerando, que conforme ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de vecinos. En termos similares se recolle no art. 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Considerando que a modificación da Lei de Bases, pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, modificou o escenario competencial das entidades locais en materia de servizos sociais.

Non obstante, a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, acota o marxe interpretativo da lexislación básica ao establecemento de novos servizos ou exercicio de novas competencias.

No art. 3 da lei, refírese as supostos que non se entenderán como exercicio de novas competencias. No apartado a) refírese a continuidade na prestación de servizos xa establecidos. No apartado e) refírese á concurrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientacións, de mellora da empregabilidade e formativas e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co art. 297 da Lei 5/97. Tampouco se entenderá exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención. No apartado f) refírese á colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do reparto competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co disposto no art. 193.2 da Lei 5/97.

Considerando, que para a prestación destes servizos, dado o seu elevado custe, así como o disposto na orde reguladora das axudas, no senso de que deberá abrengher unha área de actuación mínima establecida, faise necesaria a colaboración entre as distintas administracións locais, á vista do disposto na lexislación vixente e das consideracións emitidas ao respecto, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA:**

- Aprobar a adhesión do Concello de Friol ao Convenio de colaboración entre os concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, para a prestación conxunta ou asociada do servizo de Prevención de Conductas Adictivas 2017-2019, nos termos e condicións que se establecen no devandito convenio.
- Delegar no Concello de Rábade a xestión do devandito servizo, ao que se notificará o presente acordo aos efectos de tramitación e xestión.
- Dar conta ao Pleno do Concello, aos efectos que procedan”.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Visto que na Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos interese xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local, require maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción de acordos que impliquen transferencia de funcións a outras administracións públicas, así como a aceptación de delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente. Segundo o disposto na lei de procedemento administrativo, a eficacia dos actos das administracións públicas quedará demorada cando así o esixa o contido do acto, ou estea supeditado á súa notificación, publicación ou aprobación superior. Estímase polo tanto que a actuación supeditase á aprobación polo Pleno e en todo caso, á concesión da financiación pola Comunidade Autónoma para a realización das actuacións.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación do disposto no acordo da Xunta de Goberno do dezasete de xullo do actual, polo que se aproba a adhesión do Concello de Friol ao Convenio de colaboración entre os concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, para a prestación conxunta ou asociada do servizo de Prevención de Condutas Adictivas 2017-2019, nos termos e condicións que se establecen no convenio. No mesmo, acordouse delegar no Concello de Rábade a xestión do devandito servizo.

Despois dunha breve exposición polo Sr. Alcalde, intervéñen o concelleiro Sr. Santos Ramos, anunciando que o seu grupo votará a favor da proposta, engadindo que lle gustaría que no seu momento se dea conta das persoas que poidan precisar e fagan uso de este servizo e o seu seguimento, en relación cos usuarios do concello de Friol, matizándose que se deberá respectar en todo caso a protección dos datos de carácter persoal. O Sr. Alcalde responde que non hai inconveniente en elo, poñendo de manifesto a boa acollida que tivo en outros concellos que xa contaron con esta actuación en anos anteriores.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer mais intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación do disposto no acordo da Xunta de Goberno do dezasete de xullo do actual, polo que se aproba a adhesión do Concello de Friol ao Convenio de colaboración entre os concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade, para a prestación conxunta ou asociada do servizo de Prevención de Condutas Adictivas 2017-2019, nos termos e condicións que se establecen no convenio.

Unha vez que se produce a votación, seguidamente o Sr. Alcalde proclama o acordo adoptado.

7.- PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO.- Vista a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 19 de xullo de 2017, pola que se aproban as bases reguladoras e a



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego durante os anos 2017 e 2018, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 137 de 19 de xullo do actual.

Vista a proposta de convenio de colaboración entre os concellos de Friol, Rábade, Outeiro de Rei e Begonte, para a solicitude conxunta dunha axuda á Xunta de Goberno para a realización dun programa integrado de emprego ACTIVATE 2, asinado o 18 de agosto do actual, no que se establece corresponderá ao concello de Friol a realización das actuacións administrativas necesarias para a correcta xestión da solicitude de axuda do programa integrado de emprego, asumindo a representación perante a Xunta de Galicia e no grupo de traballo da totalidade dos concellos asinantes, debendo cada un dos concellos asinantes aprobar o proxecto do programa integrado de emprego a levar conxuntamente, nos termos e condicións que no mesmo se establecen.

Visto que na Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos interese xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local, require a maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción de acordos que impliquen transferencia de funcións a outras administracións públicas, así como a aceptación de delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administración, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente. Segundo o disposto na lei de procedemento administrativo, a eficacia dos actos das administracións públicas quedará demorada cando así o esixa o contido do acto, ou estea supeditado á súa notificación, publicación ou aprobación superior. Estímase polo tanto que a eficacia do acto queda supeditada á aprobación polo Pleno e en todo caso, á concesión da financiación pola Comunidade Autónoma para a realización das actuacións.

Á vista do actuado, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación das actuacións derivadas da sinatura de convenio de colaboración asinado o 18 de agosto, entre os concellos de Friol, Rábade, Outeiro de Rei e Begonte, para a solicitude conxunta dunha axuda á Xunta de Goberno para a realización dun programa integrado de emprego ACTIVATE 2, no senso de:

- Aceptar as delegacións dos concellos de Outeiro de Rei, Begonte e Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude programa integrado de emprego ACTIVATE 2, a realizar ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 19 de xullo de 2017, pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego durante os anos 2017 e 2018.
- Comprometerse o Concello de Friol a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) en cantos aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe suficiente nos presupostos da entidade.

- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente ou persoa en quen delegue, para a realización das xestións que sexan necesarias e a sinatura da documentación que sexa precisa, en orde á efectividade do presente acordo, co obxecto de acadar a aprobación e financiamento do proxecto referenciado.

Despois dunha breve exposición do Sr. Alcalde, recordando que Friol xa participou nesta iniciativa o pasado ano, que xestionou o Concello de Begonte e tivo boa acollida, e que este ano, toca xestionala a Friol. O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, anuncia que o seu grupo votará a favor da proposta, sen que desexa facer mais intervencións ao respecto. Á vista da proposta, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación das actuacións levadas a cabo ao respecto, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

8.- MOCIÓNS.- Seguidamente dase conta ao Pleno das mocións presentadas polo Grupo Socialista, con anterioridade á convocatoria da sesión, para o seu estudio, debate e votación.

"D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialistas no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DE SERVIZO DO NOITEBÚS

con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coñecido popularmente como noitebús, servizo de transporte de viaxeiros dende distintas ubicacións de Friol a Melide durante as fins de semana con horario nocturno, é un servizo promovido polo Concello de Friol que se financia así mesmo con recursos propios da Entidade Local. Polo tanto o Concello de Friol é a administración responsable do mesmo e quen debe velar polo adecuado desenvolvemento da presatación do servizo.

Nos últimos tempos téñense advertido certas alteracións no desenvolvemento do mesmo, como insuficiencia de prazas en datas concretas, algún exceso de viaxeiros ou o feito de que ante unha alta demanda os usuarios pertencentes ao concello de Friol non embarcasen preferentemente aos de outras localidades.

Situacións as descritas que deben ser corrixidas pola propia calidade do servizo, mais tamén pola propia seguridade dos viaxeiros e a convivencia durante o traxecto. Detectado o uso por parte de usuarios de outras localidades, enténdese que tamén se debe actuar pola salvagarda dos intereses do propio Concello como Administración titular do servizo.

O mellor xeito de atallar estas situación que se están producindo antóxase que é a aprobación de un Regulamento que recolla as disposicións necesarias que, co rango normativo que ten, desenvolva a normativa baixo a que se desenvolva a presentación do servizo non quedando este suxeito a interpretacións ou á toma de decisión arbitraria ante calquera incidencia.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- O Concello de Friol elaborará e elevará ao Pleno da Corporación para a súa aprobación se procede o Regulamento do Servizo de Noitebús na maior brevidade posible.

En Friol, a 21 de setembro de 2017.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista”.

Sometida a moción a votación ordinaria, a mesma queda rexeitada, xa que obtén oito votos en contra (do Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos a favor (dos concelleiros do Grupo Socialista)

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. Comeza coa exposición do concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, na que se refire a que non se estenderá moito na súa intervención, xa que está claro na exposición de motivos da mesma. Alude a discrepancias e incidencias que se están dando neste servizo, e que se orixinan confusións entre os prestadores e malestar nos usuarios do servizo, cuestións que deberá resolver a administración que o financia e que deberán ser garantes da súa prestación. Para elo consideran conveniente que se desenvolva un regulamento, no que se determinen os usuarios, as condicións, traxectos, taxas, unha norma que o regule con carácter imperativo, que se elabore como garantía da súa correcta prestación, con seguridade xurídica e coa máxima participación posible.

O Sr. Alcalde responde que no futuro non descartan a adopción das medidas que demanda o Grupo Socialista, pero engade que ata a presentación da moción non tiveron coñecemento do exposto na mesma. Falou coa empresa que presta o servizo, quen lle dixo que non hai queixas, salvo en datas puntuais como o día grande da festa de Melide ou o día de fin de ano, en que habilitan outro autobús a maiores, sen custe para o concello. Tamén falou con algún dos usuarios e tampouco lle amosaron queixas. Reitera que de ser necesario no futuro, non cabe dúbida de que levarán a cabo a actuación que se demanda na moción, e o Pleno debatirá sobre elo.

O concelleiro Sr. Santos Ramos responde que se deberían poñer os medios antes de que se magnifiquen os problemas. Entende que a empresa non queira recoñecer percances, nin de onde son os usuarios do servizo, servizo que se sufraga con fondos dos veciños de Friol, cando todos deberían contribuir á financiación de esta actuación, como os hosteleiros da localidade de Melide, que se benefician coa mesma. Non lle parece axeitado non querer facer un regulamento sensato, que defenda os intereses do concello e que coa aplicación da norma que se elabore, resolveríanse situacións que non deben quedar á interpretación do condutor ou do empresario correspondente. Insiste en que o regulamento daría tranquilidade a todas as partes, pero é ao equipo de goberno a quen lle corresponde decidir.

O Sr. Alcalde di que a proposta non queda no aire, e que de ter noticias de queixas, ben dos usuarios, condutor ou empresa, traerán novamente esta proposta ao pleno. Coa súa intervención céntrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

“D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialistas no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ACTUAR URXENTEMENTE NA ESTRADA FRIOL-PALAS DE REI

con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada LU-231, de titularidade autonómica e que comunica os Concellos de Friol e Palas de Rei agarda por un proxecto que non acaba de coñecerse para a súa mellora, ensanche e outras actuacións.

Van 7 anos dende o anuncio da Xunta de Galicia de que daría un tratamento de aglomerado en quente á mesma mentras se elaboraba e licitaba o proxecto de mellora integral da mesma. Neses 7 anos nin chegou o aglomerado en quente ao trazado actual, nin se aprobou, e moito menos licitaron, o proxecto definitivo de mellora ou as obras necesarias.

Si houbo durante este tempo un mantemento deficitario e un deterioro significativo do pavimento e das condicións da propia estrada.

Recentemente foi pintada o eixo da vía sen actuación alguna sobre o firme e pavimento da mesma, dando a sensación de facer un apaño que apenas soluciona nada aos múltiples usuarios da mesma.

Esta estrada fundamental para os desplazamentos de moitos veciños pertencentes a parroquias lindeiras ou cercanas á estrada tanto dos Concellos de Friol como do de Palas de Rei é tamén unha vía de comunicación elemental para as relación comerciais entre as dúas localidades, como para que os veciños de Friol accedan á autovía Lugo-Santiago ou os de Palas e de parroquias limítrofes de Friol á A-6.

Sen embargo, semella aparcado o investimento necesario para remozala mentras non se lle fai mantemento básico que mellore o tránsito e as condicións de seguridades dos moitos usuarios que circulan por ela a diario.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia á execución do proxecto de mellora integral da estrada LU-231 de Friol a Palas de Rei na maior bevidade posible.
- Instar á Xunta de Galicia a que acometa de inmediato as tarefas de conservación e mantemento necesarias na LU-231 de xeito que se amañen os baches e zonas especialmente erosionadas e deterioradas que presenta en todo o seu traxecto.

En Friol, a 21 de setembro de 2017.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista"

Á vista da moción presentada, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á moción, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, abriuse o turno de intervencións. Comeza coa súa exposición polo concelleiro Sr. Santos Ramos. Refírese ao anuncio de actuacións na mesma no ano 2010, e dese entón non se fixo nada, o que é un tema preocupante. Falouse de reformular o proxecto, para lograr unha vía diferente, con mais capacidade. Engade que non se fixo nada en relación coa estrada, nin unha mínima ou axeitada conservación, sendo milagroso que pintaran dereito unha raia no medio. Está ben que se siga pelexando polo proxecto novo, pero mentres non se logra a actuación, que se vaian tapando os baches. Esperan contar co apoio do equipo de goberno, para trasladar esta iniciativa á Xunta.

O Sr. Alcalde di que está totalmente de acordo coa proposta. Engade que ten entendido que a Consellería vai sacar o proxecto proximamente, e que a actuación non se limitará á



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

pavimentación, senón que se vai mellorar o seu trazado, modificando curvas. Conclúe dicindo que se trata dunha vía importante, e que vertebrará o territorio coa autovía de Santiago, polo que apoiarán a moción do Grupo Socialista. Coa súa intervención, cérrese o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

9.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o tres de abril ata o trinta de xuño do actual.

10.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno das seguintes cuestións de interese para o mesmo, sen que polos señores concelleiros se formule ningunha cuestión ao respecto:

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 21 de xullo, polo que á vista da convocatoria pública realizada, procedeuse á adxudicación das naves 1-3-4 do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial
- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 25 de setembro, polo que se procede a realizar unha nova convocatoria pública en orde á adxudicación da nave núm. 2, de conformidade co disposto nas ordenanzas aprobadas polo Pleno do Concello. Nos vindeiros días procederase á publicación no B.O.P. e na páxina web do Concello.
- Resolución de 15 de setembro do actual, polo que á vista das dificultades para reunir o quórum da Xunta de Goberno, procedeuse á avocación de certas competencias delegadas, en orde a non paralizar a xestión administrativa do Concello e non causar retrasos a particulares que estean pendentes de decisións ou acordos.

Unha vez concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día da sesión e con anterioridade ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, ao abeiro do disposto no art. 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón ó Pleno do Concello a inclusión na orde do día da ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, con carácter de urxencia, na sesión de 25 de setembro do actual, de adhesión do concello de Friol ao proxecto ILUMING@ Deputación Provincial de Lugo. Unha vez proposto polo Sr. Alcalde, e que a instancia súa, por Secretaría fíxose unha exposición resumida ao respecto, concluíndo que a actuación deberá ser ratificada polo pleno. Á vista do exposto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á inclusión na orde do día da urxencia da proposta e da procedencia do seu debate, pasando seguidamente ó seu debate e votación.

PROXECTO ILUMIN@.- Dáse conta ao Pleno do e escrito da Deputación Provincial de Lugo, en relación coa adhesión do Concello de Friol ao proxecto ILUMIN@ - Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED. Á vista do mesmo, da documentación obrante ao respecto nas oficinas municipais a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 25 de setembro do actual, adoptou o acordo que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- “Aceptar participar a través do proxecto ILUMIN@ Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tectonoloxía LED-Deputación de Lugo, concretamente coa seguinte actuación: Proxecto de renovación das instalacións de alumeado público en Seixón”, definida no proxecto e no seu Anexo I, asinados polo enxeñeiro industrial Carlos García Pérez de Inxenium enxeñería, na convocatoria regulada polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 aceptando o procedemento regulado nese Real Decreto. En concreto no referente ao indicado para Medida 6, apartado 4 do R.D. “requisitos técnicos de eficiencia enerxética ou mellora medioambiental”.
- O Concello de Friol cede os seus dereitos en favor da Deputación de Lugo, autorizando á mesma para que actúe como representante do Concello a través do proxecto: ILUMIN@ Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tectonoloxía LED-Deputación de Lugo, concretamente coa seguinte actuación: Proxecto de renovación das instalacións de alumeado público en Seixón, na convocatoria regulada polo Real Decreto 616/2017 de 16 de xuño. A medida obxecto de actuación será a medida 6, apartado 4 do R.D. “requisitos técnicos de eficiencia enerxética o u mellora medioambiental”. O importe total da actuación do Concello será de 27.611,34€. No caso de que a subvención sexa concedida a Deputación de Lugo acometerá as inversións as cales serán cofinanciadas nun 80% polo FEDER e o restante 20% pola Deputación de Lugo.
- O Concello de Friol autoriza a Excmá Deputación Provincial de Lugo para que presente ante o IDEA no seu nome toda a documentación necesaria referente a estas axudas (presentación de documentación, xustificación, etc).
- O Concello de Friol comprométese a que as instalacións obxecto de actuación Proxecto de renovación das instalacións de alumeado público en Seixón, que se corresponden coas indicadas na auditoría, na memoria tipo e proxecto aportados polo Concello, son de titularidade municipal, atopándose as mesmas libres de cargas, existindo plena disposición e dispoñibilidade legal as instalacións de iluminación pública para levar a cabo a actuación.
- O Concello de Friol someterase á normativa comunitaria e nacional de aplicación así como ao R.D. 616/2017.
- O Concello de Friol colaborará en todo momento coa Deputación de Lugo, aportando os datos, información e documentación necesarios para a elaboración da mesma. Tamén facilitará a participación activamente na dinamización do proceso de participación pública que se poida requirir para a execución do proxecto.
- O Concello de Friol, para dar cumprimento ao establecido segundo as bases do R.D. 616/2017, artigo 4, apartado 3, comprométese a que non volverá a presentar de forma individual ou agrupada a actuación elixida polo Concello no proxecto ILUMIN@ Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tectonoloxía LED- Deputación de Lugo, para a mesma convocatoria.
- No caso de que o Concello de Friol incumpra alguna das condicións establecidas no R.D. 616/2017 o Concello asumirá o custe derivado do devandito incumprimento.
- Ademais no caso de que a subvención sexa concedida o Concello de Friol, comprométese a:
 - o Autorizar a Deputación de Lugo para realizar as contratacións pertinentes obxecto destas axudas (para as cales se empregará a memoria tipo e o proxecto aportados polo Concello).
 - o Autorizar a Deputación de Lugo, para que actúe nas instalacións reflexadas, na auditoría, memoria tipo e proxecto aportado polo Concello, acometendo así a Deputación de Lugo as actuacións pertinentes segundo o indicado nos mencionados documentos. Ademais o Concello comprométese a facilitar á Deputación de Lugo sen coste algún para a Deputación as correspondentes licenzas e permisos pertinentes, así como no caso de que así se requiran os informes sectoriais e urbanísticos, acta de replanteo previo cando lle sexan solicitados pola Deputación de Lugo. Faise constar ao respecto, que no informe técnico emitido dise que é preciso tramitar autorización da Deputación Provincial de Lugo, en canto organismo titular da estrada
 - o Unha vez finalizadas as actuacións, recibir as mesmas, así como a velar e asumir os custes correspondientes polo seu mantemento e xestión respetando as condicións obxecto da subvención, e facilitando o acceso as mesmas, tanto ao persoal da



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Deputación de Lugo como ao persoal do IDEA nas labores de control que se executen nas instalacións, colaborando co persoal da Deputación de Lugo nestas labores de control. O Concello tamén se compromete a manter o cartel indicativo, da actuación alo menos ata o fin do ano 2023, segundo se establece no artigo 17.2 do R.D. 616/2017".

Visto que na Lei 13/2015 de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Na lei 38/2017, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non regulou expresamente a posibilidade de cesión dos dereitos de cobro das axudas. Elo recolleuse no Regulamento Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo) para o que deberán cumprirse os requisitos establecidos.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local, require a maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción de acordos que impliquen transferencia de funcións a outras administracións públicas, así como a aceptación de delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente. Segundo o disposto na lei de procedemento administrativo, a eficacia dos actos das administracións públicas quedará demorada cando así o esixa o contido do acto, ou estea supeditado á súa notificación, publicación ou aprobación superior. Estímase polo tanto que a actuación supeditase á aprobación polo Pleno e en todo caso, á concesión da financiación para a realización das actuacións.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación do disposto no acordo adoptado ao respecto pola Xunta de Goberno do vinte e cinco de setembro do actual. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación do actuado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta, a maiores dos presentados por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión.

O concelleiro Sr. Santos Ramos, expón que os autobuses que van a Lugo, que saen media hora antes que os anos anteriores, e algúns rapaces entran as 8.30 e outros ás 9. Pregunta se hai posibilidade de que se poida reconducir o horario, para que non estean tanto tempo esperando.

O Sr. Alcalde responde que o Plan elaborado pola Xunta quixo facer unha redistribución e aforrar. Antes a ruta era Parga-Friol-Lugo e agora engadiuse Carballido, razón pola que sae antes. Falouse con Transportes, sobre a posibilidade de eliminar Carballido e volver ao horario anterior, esperando que se proceda a elo proximamente.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Recentemente, ao tempo que se desenvolvían obras de construción dunha nave no Polígono Industrial de Friol, producíanse dúas agresións patrimoniais de especial relevancia. Unha, actuando con maquinaria pesada sobre unha mámoa nas inmediacións da nave en construcións e outra facendo desaparecer outra mámoa nas inmediacións do Polígono Industrial. Ambos elementos patrimoniais recoñecidos e delimitados no propio PXOM aprobado inicialmente, o que representa, a maiores de un atentado a un patrimonio histórico que pertence a todos unha obviación consciente das normas con consecuencias irreversibles.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal as seguintes

PREGUNTAS

- Cando tivo coñecemento o Goberno Municipal destes feitos?
- Existe algunha autorización, permiso e/ou licenza para actuar sobre as zonas afectadas?
- Ten identificado o Goberno Municipal a persoas ou persoas responsables destes feitos?
- Puxo o Goberno Municipal algunha iniciativa en marcha para evitar que esta desfeita non se producise ou acadase as dimensións que acadou finalmente?
- Que iniciativas e procedementos, se é o caso, ten posto en marcha ou prevé actualmente respecto desta situación?

En Friol, a 21 de setembro de 2017.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista”

En relación coas preguntas formuladas, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno, que pola Consellería de Cultura, remitiuse escrito sobre denuncias que afectarían aos túmulos do monte das Tenzas. No escrito dise que se recibiu denuncia en Patrimonio Cultural, relativa a movementos de terras con maquinaria pesada, no Parque Empresarial, que afectarían aos xacementos arqueolóxicos denominados Túmulos e o seu entorno, en relación coa inspección conxunta realizada o 7 de agosto do actual por técnicos de este servizo e axentes da Patrulla de Seprona actuacións que afectarían aos túmulos 1 (GA2770200049) e 4 (GA27020061), e ao seu contorno inmediato. Os túmulos están recollidos no Plan Parcial do Parque Empresarial, aprobado en 2004. Segundo a Lei 5/2016 de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, calquera intervención que afecte a estes bens ou ao seu contorno de protección, deberá ser autorizada pola Consellería.

Engade que os movementos de terra con maquinaria pesada que afectan moi tanxencialmente á base do túmulo 4 (GA27020061) e o su contorno inmediato, particularmente no sector sur, foron promovidas polo Concello de Friol. Conclúe o escrito, outorgando 10 días para alegacións.

Di o Sr. Alcalde que aínda que o Concello non ten coñecemento dos pormenores da denuncia, nin da inspección, o 22 de setembro, presentáronse alegacións, no senso de que o concello non realizou actuacións con maquinaria pesada na zona nos túmulos, nin nas áreas de protección delimitadas no planeamento. Tampouco concedeu licenzas nas áreas de protección. Para o referente á zona cautelar do túmulo desaparecido: control desbroce e movementos de terras, fíxose constar expresamente nas licenzas, a obriga de realizar



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

control arqueolóxico nas fases de desbroce e movemento de terras, por arqueólogo, coas autorizacións necesarias polo órgano competente en materia de patrimonio.

As alegacións presentadas, son as que se resumen a continuación:

- O Pleno en decembro de 2004, aprobou o PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL. Aprobouse en desenvolvemento do disposto na Modificación das Normas Subsidiarias, en orde a ubicación do parque no monte da Gándara. Na tramitación da modificación das normas, en abril de 2003, Cultura informou desfavorablemente, pola existencia de túmulos, incluída no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos. Non obstante, con posterioridade, informou favorablemente a modificación das normas, coas seguintes modificacións:
 1. Se recollía na cartografía a localización dos túmulos megalíticos.
 2. Se establecía unha serie de cautelas, no apartado dedicado a afeccións da lexislación sectorial, para garantir a súa conservación.
 3. As zonas verdes ou parcelas dotacionais, englobarían os túmulos e o seu contorno inmediato, de forma que non se alterasen e pudiesen musualizarse no seu día.
- No estudio arqueolóxico, resultou que so se conserva un dos túmulos, aínda que bastante deteriorado. Outro, case desaparecido, queda fora do ámbito de actuación. E finalmente do terceiro, non quedan vestixios. Compre sinalar que no estudio sobre megalitismo da comarca realizado nos oitenta por Juan Núñez, xa se sinalaba que os túmulos estaban moi alterados. Con posterioridade a zona foi cavada e plantada de piñeiros, e nese momento probablemente produciuse a destrución do que quedaba do túmulo. Tendo en conta estes datos, o Plan Parcial sitúa unha zona de espacio libre (EL área 02, 4387,86 m²) na localización do túmulo conservado, e establece un área de control arqueolóxico de movementos de terras no suposto do do túmulo desaparecido. Sendo probable, que este estivese mais ao norte, situouse unha zona de cautela no contorno definido na ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio. De este xeito, A C.T.P.H de Lugo, na súa xuntanza de 28/10/2004, con respecto ao Plan Parcial: informar favorablemente oa obriga de que se sitúe unha zona de cautela no contorno do punto definido por coordenadas UTM na ficha UTM na ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As actuacións que constan son as que se resumen a continuación:

Túmulo GA27GA27020061.- Ubicaranse as zonas verdes ou as parcelas dotacionais englobando os túmulos e o seu entorno inmediato, de forma que non se alteren e poidan musualizarse no seu día. En esta zona, de espazos libres, que na ordenanza, o Plan Parcial define zonas libres de edificación cubertas na súa maior parte por vexetación e áreas de xogo e recreo, onde non se permiten outras construcións que non sexan as desmontables para quioscos e aseos cunha superficie máxima de 10 m², ou o seu destino a xardíns.

O concello non realizou, nin autorizou ningunha actuación, na ZONA na que se localiza o túmulo e o seu contorno de protección. Outro tema é que algún dos que se lle outorgou licenza para as naves, fora da zona de protección, poidera utilizar este espacio como depósito de materiais, ou verquido de desperdicios, etc, actuacións que o concello non autorizou nin ten constancia.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Sinalar, que en relación coas licenzas de obra do presente ano, o concello outorgou licenza a Cristina Varela para "nave para suministro e almacenamento bens-productos agrícolas, de construción, ferretería, xardinería e decoración". A licenza outorgouse para unha parcela que aínda que está próxima, que se sitúa fora de este contorno de protección delimitado no planeamento. Por resolución de 12 de setembro, advertiuse á solicitante e ao técnico redactor, que con independencia da labor inspectora que se realice polos órganos municipais e autonómicos competentes, que o ámbito de execución das actuacións que contan con licenza, limitaranse estritamente á propia parcela e a conexión cos servizos existentes no seu fronte, de acordo co alcance do proxecto técnico que obtivo licenza.

Tamén se autorizaron obras de acondicionamento e revestimento de fachada, na nave que tamén está próxima pero fora do contorno de protección, ara a actividade de panadería-pastelería. .

En relación co túmulo desaparecido, que se sitúa na zona de aplicación da ordenanza IA, na tramitación do Plan parcial, no informe da Consellería de Cultura, O PLAN PARCIAL, estimou conveniente que e sitúe unha zona de cautela a maiores da zona de protección. Na zona de ámbito exterior á área de protección de túmulos megalíticos desaparecidos, pero dentro do ámbito "zona cautelar: desbroce e movemento de terras", a solicitude dos particulares o concello concedeu as seguintes licenzas:

- Lácteos de Friol S.L.U, para queixería artesanal.
- Josefa Lodeiro Mejuto de nave de taller de vehículos e maquinaria agrícola.
- Javier Núñez Brao, para nave de taller de automóviles,

Nas licenzas, incluíase a obriga de realizar control arqueolóxico nas fases de desbroce e movemento de terras, por arqueólogo colexiado, coas autorizacións necesarias do órgano autonómico competente en materia de protección de patrimonio. En relación coas mesmas e con independencia da labor inspectora que se realice polos órganos municipais e autonómicos competentes, por resolución da Alcaldía de 12 de setembro, advertiuse aos promotores e aos redactores dos proxectos:

- Que o ámbito de execución das actuacións que contan con licenza, limitaranse estritamente á propia parcela e a conexión cos servizos existentes no seu fronte, de acordo co alcance do proxecto técnico que obtivo licenza.
- Que á vista do ámbito no que se ubican as actuacións e dos condicionados que figuran nas licenzas outorgadas, realizarase control arqueolóxico nas fases de desbroce e movemento de terras, por arqueólogo colexiado, coas autorizacións necesarias polo órgano competente en materia de patrimonio. Dita documentación presentarase a requereamento dos órganos competentes, e en todo caso coa comunicación previa ao inicio da actividade.

En relación co **túmulo GA27020061**, queda fora do ámbito do parque empresarial que, non obstante, aparece reflexado na planimetría, coa súa área de protección. A zona donde se ubica, foi obxecto de expropiación parcial, polo que o túmulo está nunha finca propiedade privada. Na zona do túmulo e a súa área de protección, non se realizou ningunha actuación polo concello, e tampouco se outorgou ningunha licenza.

Con posterioridade ao escrito de alegacións, coa data 25 de setembro do actual teñen entrada no concello as seguintes documentacións:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Escrito de Dona Josefa Lodeiro, polo que remite o informe do arqueólogo Sr. Hervés, sobre nave en construción, adxuntando copia do escrito presentado en Cultura que conclúe dicindo que se pode apreciar que non existe incidencia directa da nave sobre a zona cautelar, e que dos resultados extraídos das prospeccións arqueolóxicas, parece confirmar a inexistencia de restos de este tipo.
- Escrito presentado por Don Javier Núñez Brao, polo que remite o informe do arqueólogo Sr. Hervés, sobre a súa nave, adxuntando copia do escrito presentado en Cultura que conclúe dicindo que se pode apreciar que non existe incidencia directa da nave sobre a zona cautelar, aínda confirmando a existencia de unha masa tumular. Di que non se contemplou indicio arqueolóxico ningún, partindo da observación visual dos ocos xerados na construción da nave, aínda visibles., feito refrendado polas distintas valoracións arqueolóxicas desde o ano 1997, por distintos equipos arqueolóxicos, qu non constataron neste emprazamento manifestación tumular ou autor indicio arqueolóxico.
- Escrito presentado por Don Ovidio Zolle, polo que remite o informe do arqueólogo Sr. Hervés sobre a súa nave, adxuntando copia do escrito presentado en Cultura, que conclúe dicindo que se contemplou indicio arqueolóxico ningún, partindo da observación visual dos ocos xerados na construción da nave, aínda visibles, nin no exterior da mesma estando o túmulo mais próximo a 28,64 m. de esta parcela. Engade que as distintas valoracións arqueolóxicas desde o ano 1997, por distintos equipos arqueolóxicos, que non constataron neste emprazamento manifestación tumular ou indicio arqueolóxico, e que non existe incidencia da nave sobre a zona cautelar.
- Escrito presentado por Dona Cristina Varela López, xunto co informe do arqueólogo Sr. Hervés, sobre a súa nave, adxuntando copia do escrito presentado en Cultura. No mesmo dise que existen importantes remocións de terra na parcela contigua destinada a zona verde, que se están realizando para adecentamento e posterior axardinamento, manifestando que están fora dos límites da súa parcela. Di que mantén na zona verde, dúas casetas de obra, próximas á súa parcela, con motivo dos traballos que está realizando, que deberán ser retiradas cando conclúa a fase de obra, entendendo que contan con autorización municipal. Ao respecto remitiuse escrito a Dona Cristina Varela, ordeando que sacara as casetas á maior brevidade, ou as retiraría o concello.
- Escrito de Don Ramón Varela López, polo que remite o informe do arqueólogo Sr. Hervés, adxuntando copia do escrito presentado en Cultura. Di que realizou unha limpeza mecánica parcial da mesma que inclúe a masa tumular e parte da área de respecto, aínda que a profundización do sustrato arqueolóxico é moi reducida, polo que non se pode falar de destrución do xacemento. Alega situación de descoñecemento, xa que non está sinalizado o xacemento, como tampouco está sinalizado outro túmulo (desaparecido) nas parcelas 23-24 nin se advirte a futuros compradores

“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Na execución das obras de beirarrúas na Avda. da Coruña recentemente promovidas polo Concello de Friol, máis de un veciño atopouse cunha situación inesperada, a raíz das novas obras o acceso á súa vivenda e/ou propiedade era inviable nun vehículo normal, pola diferenza de altura entre as beirarrúas e o chan.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal a seguinte

PREGUNTA

- Que actuacións ten levado ou levará a cabo o Goberno Municipal para solucionar esta problemática provocada polas obras?

En Friol, a 21 de setembro de 2017.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista"

O Sr. Alcalde responde que soamente ten coñecemento de un veciño que non quedou moi contento pola forma de levar a cabo as obras que se contemplaban no proxecto de "Mellora da seguridade vial na Avenida da Coruña e A Reigosa", que non contemplaba rebaixar o nivel das beirarrúas, debendo realizar as obras cumprindo a normativa para peatóns e vehículos. A actuación realizouse de conformidade cun acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Friol, sendo o concello alleo á contratación das mesmas.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás catorce horas e dez minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.